

Bos días familias!!!

Antes de nada **BENVID@S AO COLE!!!!**

Esperamos que estedes todos ben e con moito ánimo de comezar unha nova etapa educativa. Pola nosa parte poremos todo o que sexa necesario para seguir adiante do xeito máis normal posible e con todas as medidas de seguridade que están na nosa man.



Como xa sabedes, o curso comeza o xoves 10 de setembro. Na páxina web do centro irase colgando a información para que os alumnos saiban como teñen que acceder a el neste curso 2020-2021.

O **material** que precisamos para 2º de primaria será o seguinte:

- 1 estoxo que conteña:

- 1 lapis 2H
- 1 goma
- 1 afialapis
- 1 barra de pegamento grande
- 1 tesoir
- 1 bolígrafo azul
- 1 bolígrafo vermello

Este estoxo **NON** quedará na aula, senón que se levará todos os días para casa.

- Un paquete de 24 ceras (tipo plastidecor).
- Un paquete de 24 rotuladores.
- Un paquete de 100 folios brancos.
- 1 libreta tamaño folio cuadriculada.
- 1 libreta tamaño folio de dobre pauta.
- 1 axenda escolar.
- 1 taco de plastilina grande.
- 1 paquete de toallifias de xel hidroalcolico (pódense atopar nos supermercados).
- 1 paquete de panos individuais que levaran os alumn@s nas súas mochilas.
- 2 carpetas de plástico, tipo sobre, tamaño folio (serven as do ano pasado)

ÁREA DE RELIXIÓN

- 1 Carpeta de gomas

ÁREA DE INGLÉS

- 1 libreta tamaño folio de dobre pauta

ÁREA DE MÚSICA

- 1 carpeta de gomas
- 1 carpeta de plástico tipo sobre, tamaño folio.

Ao longo do curso, en caso de necesidade pedirase máis material.

Na aula temos caixas individuais para gardar o material de cada alumno (plastilina, ceras, rotuladores) de xeito individualizado para poder desinfectalo.

Os libros traeranse ao cole durante a semana do 14 de setembro, forrados e co nome por fora. Só se traerán os do primeiro trimestre. Ciencias sociais, ciencias naturais e os das especialidades tamén, xa que non están divididos en trimestres.

Como non podemos facer uso da biblioteca da aula, os [alumn@s](#) deberán traer un **libro de lectura** (o que eles queiran) para o proxecto lector (a partir do mes de outubro), xa que non se pode compartir os libros de lectura.

Segundo as instrucións do protocolo do 31 de agosto, os [alumn@s](#), **obrigatoriamente**, deben usar **mascarillas** na aula e deben traer outra de reposto na mochila por se a que traen se perden, se rompe, se estraga.... Ademais terán que traer unha bolsa de tela, pequena, na que caiba a mascarilla para gardala mentres merendan.

En canto as merendas, comentarvos que, **deben vir preparadas** para que os [nen@s](#) as poidan comer, xa que **nós non podemos manipulalas**, é dicir, se traen unha froita e non poden pelala, que a traian pelada da casa; se traen iogur e non son capaces de abri-lo, que veña a manipulado o tapón dende casa... Tamén que traian unha botella de auga.

Poderá haber algunha modificación ao longo do curso segundo vaian mandando diferentes instrucións por parte da Consellería, polo que é aconsellable seguir a páxina web do centro e ter a aplicación ABALAR instalada no móbil para recibir as informacións.

Xa que durante este curso, a comunicación coas familias farase, maioritariamente, a través do correo electrónico e ABALAR, precisamos ter un enderezo electrónico actualizado e que se consulte con frecuencia.

Durante esta semana comunicarase os enderezos electrónicos das titoras.

Desexarvos un bo inicio de curso e moito ánimo!!!

Titoras de 2º de primaria